

ACTA NÚM. 7 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE 2014.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dez horas** do día **vinde e seis de abril de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Don Rafael Xesús Vilar González.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten as concelleiras Dona Mar Martín García e Dona Elvira Cienfuegos López.

ORDE DO DÍA:

Punto único: Designación de membros para as mesas electorais por mor das vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: DESIGNACIÓN DE MEMBROS PARA AS MESAS ELECTORAIS POR MOR DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO.

O artigo 26 da vixente Lei do Réxime Electoral di literalmente o seguinte: “a formación das mesas compete aos concellos baixo a supervisión das xuntas electorais de zona. O presidente e os vocais de cada mesa, son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O presidente deberá ter o título de bacharelato ou de formación profesional de 2º grao, ou subsidiariamente o de graduado escolar ou equivalente. Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da mesa.”

Sinalo que os sorteos mencionados se realizarán entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, tal e como acontece hoxe, que é o día vixésimo quinto. Dou conta do actual sistema informático, co que xa non hai que facer o recuento manual despois do sorteo das papeletas.

Seguidamente procedo, coa axuda da Sra. Xefa do Negociado do Padrón, á utilización dunha aplicación informática que segundo unha fórmula matemática, obtén de xeito aleatorio a conformación das distintas mesas electorais, coa observancia das disposicións vixentes.

O señor alcalde trala activación do sistema informático di que esperarán a que saia a relación.

Indica tamén que un representante de cada grupo político procederá a asinala, e entende que serán os voceiros.

Transcorridos quince minutos dende o inicio da aplicación, obtense a relación coa composición das mesas electorais, segundo o anexo impreso que figura incorporado ao expediente da sesión.

Remata a sesión cando son as dez horas e vinte minutos. Dou fe.

ANEXO Á ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA

DE 26 DE ABRIL DE 2014

Resultado do sorteo de membros das mesas electorais das eleccións ao Parlamento Europeo: consta de 196 follas.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle